

A C.I.G. “NON” ASINA A OEP 2024

O 19 de xuño do 2024 na xuntanza da Mesa Xeral de Negociación da Admon. Xeral do Estado (art. 36,3 TREBEP), foi presentada por Función Pública a “Oferta de Emprego Público para o ano 2024”. Documento que foi **rexeitado pola C.I.G.** e o resto de organizacións sindicais agás da UXT.

A CIG manifestou primeiramente a nula intención deste goberno de negociar esta oferta é como Admon espera, dun xeito intencionado, a case agotar o prazo que ten por lei para presentar esta oferta (30 de xuño), xustificando as presas e a necesidade de pechar en practicamente en tres días unha “falsa negociación” onde sempre se manifestou reacia a aportarnos datos e información.

A CIG votou en contra a un documento que é totalmente continuista a OEP do ano anterior e que segue sen abordar a necesidade dun plan de choque para abordar a perda de efectivos que ano tras ano está a levar os servizos públicos o colapso.

Os motivos polos que a CIG NON ASINOUS esta OEP 24, son os seguintes.

- Esta OEP 24 está condicionada por la situación política do estado, que a día de hoxe ten prorrogados os presupostos do ano 2023.
- Segue a aplicarse a tasa de reposición, limitando a posibilidade de afrontar dun xeito real a creación de emprego público. Na CIG pedimos que se derogue, e tanto no R.D. 6/23 onde se aprobaron unha serie medidas urxentes para a transformación e resiliencia en materia do servizo público de xusticia e función pública, como na “orde ministerial” sobre Planificación Extratéxica dos RRHH da Admon do Estado, Función Pública negouse a recoller a súa eliminación
- No total da AXE pasamos dunha convocatoria no ano 2023 de 21.162 a unha proposta para o ano 2024 de 20.840.
- En persoal laboral convócase 443 prazas menos.
- O documento presentado fala de axilización dos procesos selectivos, a igual que as ofertas dos anos anteriores. Só recolle boas intencións que nunca se cumpren, recoñecendo dun xeito indirecto que non se cumpiran os prazos das convocatorias.
- Aborda o tema dos procesos de selección territorializada sen concrecións e negándose a recoller a singularidade dos territorios con lingua cooficial.
- Non analiza as causas das prazas sen cubrir de convocatorias anteriores, é non facilita datos de que prazas son.